

Sumario | nº23 – Xaneiro 2023

**EDIUS** **NOVAS**

**362**  
teses defendidas  
en 2022



[↗](#)

**OPINIÓN**

**Memoria, Identidade,  
Territorio e Linguaxe**

[↗](#)

**SEGUNDO PRAZO MATRÍCULA**

**Non te esquezas!**

Toma nota das datas e prazos máis importantes que debes anotar na túa axenda deste 2023:





[↗](#)

**EDIUS** **NOVAS**

**Datas e bases para participar na 2ª edición do *Three Minute Thesis* (3MT)**

Fala o alumnado premiado na primeira edición do concurso:



[↗](#)

**ENTREVISTA**

A xornalista Marga Pazos impartirá un seminario sobre 'Técnicas de expresión oral e xestual: aplicación no ámbito académico'

«Se o contido é interesante, está ben construído e ten relevancia, podémolo facer cativador, memorable, motivador e inspirador cunha boa oratoria»



[↗](#)

**EDIUS** **NOVAS**

Listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas do Premio Extraordinario de Doutoramento do curso 2020/2021

[↗](#)

**EDIUS** **NOVAS**

Coñecer destrezas e ferramentas para localizar información nos arquivos galegos

[↗](#)

**EDIUS** **NOVAS**

Unha doutoranda da USC, primeira autora dun artigo do *British Medical Journal* sobre o fenómeno dos artigos científicos fraudulentos

[↗](#)

**EDIUS** **NOVAS**

Unha investigación da USC, mellor tese en Ciencias da Vida e da Saúde segundo a RADE

[↗](#)

EDIUS NOVAS

## 362 teses defendidas en 2022


Ao longo do pasado ano, presentaron as súas investigacións o mesmo número de homes que de mulleres

Un total de 362 persoas presentaron durante 2022 teses de doutoramento, dos que 181 foron homes e outras 181, mulleres. Por áreas, o máis numerosa foi Ciencias da Saúde (127), seguida por Ciencias (68), Ciencias Sociais e Xurídicas (65), Artes e Humanidades (58) e Enxeñaría e Arquitectura (44).


A continuación, tedes desagregados os datos por grandes áreas e sexo.

### Estatísticas teses 2022:

#### 1. Sexo




#### 3. Gran Área e sexo




#### 4. Nacionalidade



#### 2. Gran Área




#### 5. Gran área e nacionalidade




[Ir ao sumario](#)


**6. Calificación**



**7. Idioma manuscrito de la tesis**



**8. Mención doctorado internacional**



**9. Mención doctorado internacional por gran Área**

Área de Artes e Humanidades	58
Non	39
Sí	19
Área de Ciencias	68
Non	33
Sí	35
Área de Ciencias da Saúde	127
Non	88
Sí	39
Área de Ciencias Sociais e Xurídicas	65
Non	50
Sí	15
Área de Enxeñaría e Arquitectura	44
Non	25
Sí	19

 **SEGUNDO PRAZO MATRÍCULA**

# Non te esquezas!

**Toma nota das datas e prazos máis importantes que debes anotar na túa axenda deste 2023:**

## INICIO DE ESTUDOS DO PROGRAMA DE DOUTORAMENTO

- 1-7 de febreiro de 2023: Segundo prazo de admisión de alumnado de novo acceso que desexe cursar algún dos programas de doutoramento da USC.
- 14 de febreiro de 2023: Publicación das relacións provisorias deste segundo período.
- 15-20 de febreiro de 2023: Período de reclamacións das relacións provisorias deste segundo prazo de matriculación.
- 24 de febreiro de 2023: Publicación da listaxe definitiva do estudantado admitido.
- Do 25 de febreiro ao 3 de marzo de 2023: Segundo período de matrícula.

## DESISTENCIA DE MATRÍCULA

Até o 20 de marzo de 2023 para os doutorandos/as admitidos/as no segundo período de matrícula.

## CAMBIO DE MODALIDADE DE DEDICACIÓN

Nos períodos ordinarios de matrícula

## BAIXAS TEMPORAIS

Durante o curso

## PRAZOS PARA A SOLICITUDE DE PRÓRROGAS

**Do 23 de xuño ao 7 de xullo de 2023:** Prazo para os doutorandos e doutorandas con finalización inicial entre o 1 de setembro de 2023 e o 31 de xaneiro de 2024.

 [Ir ao sumario](#)

## ASIGNACIÓN DE DIRECTOR/A DE TESE

Tras a matrícula, o PD terá como prazo máximo tres meses para a asignación polo menos dun director de tese:

- 11 de xaneiro de 2023, para doutorandos e doutorandas matriculados na primeira convocatoria.
- 4 de xuño de 2023, para os doutorandos e doutorandas matriculados na segunda convocatoria.

## PLAN DE INVESTIGACIÓN

As persoas matriculadas por primeira vez no curso 2022/23 teñen o seguinte prazo límite para presentar a través da súa Secretaría Virtual o seu Plan de investigación:

- 11 de abril de 2023, para doutorandos e doutorandas matriculados na primeira convocatoria.
- 31 de xullo de 2023, para doutorandos e doutorandas matriculados na segunda convocatoria.

## INCORPORACIÓN DE ACTIVIDADES NO DOCUMENTO DE ACTIVIDADES CORRESPONDENTES AO CURSO 2022/23

Prazo límite para todos os estudantes de doutoramento o 30 de xuño de 2023.

## CALENDARIO DA AVALIACIÓN ANUAL NO CURSO 2022/23

Os prazos para realizar os informes anuais (Perfís Autorizados e CAPD) serán establecidos por cada Programa de Doutoramento, tendo en conta que, en todo caso deben estar realizados antes do 30 de setembro de 2023.

O prazo para que o alumno ou alumna formule alegacións será de 10 días hábiles dende a emisión do Informe de avaliación anual.

## PERÍODOS NON LECTIVOS

En 2023, serán períodos non lectivos o mes de agosto, os días festivos e outros períodos de interrupción da actividade académica.

Os períodos de interrupción da actividade académica serán:

1. O luns e martes de Entroido (**20 e 21 de febreiro** de 2023)
1. A Semana Santa (desde o **3 até o 7 de abril** de 2023, ambos incluídos)

Outros días non lectivos:

**27 de xaneiro de 2023:** festividade de San Tomé de Aquino, e os días declarados **festivos** polo **Estado, a Comunidade Autónoma e**, en cada Campus, os correspondentes ás **festas locais**.



Mª Isabel  
González-Rey

Coordinadora do PD internacional *Estudos Culturais: Memoria, Identidade, Territorio e Linguaxe*

**«Ao cabo dos seus 8 anos de vida, este programa reúne actualmente uns 52 doutorandos e doutorandas»**

OPINIÓN

## Memoria, Identidade, Territorio e Linguaxe

O programa de doutoramento *Estudos Culturais: Memoria, Identidade, Territorio e Linguaxe* é un programa internacional, conxunto coa Universidade de Rennes II e coordinado pola USC. Creado en 2014, as súas 4 liñas de investigación, recollidas no título, atraen de ano en ano cada vez máis solicitantes até o punto de que, actualmente, a demanda supera a oferta de prazas anuais que ten o programa (14). Ao cabo dos seus 8 anos de vida, este programa reúne actualmente uns 52 doutorandos e doutorandas, entre nacionais e internacionais, procedentes de países tan dispares como Armenia, Arxelia, Arxentina, Brasil, China, Colombia, Filipinas, Grecia, Irak, Italia, México, Nicaragua, Portugal, Perú, ademais, por suposto, de España. A estes estudantes hai que engadir os que xa defenderon a súa tese, uns 15 en total, a 4 por curso nestes últimos anos, o cal mostra que o programa está levando un ritmo sostido en canto a resultados. Ademais, case un terzo destas teses defendidas é en cotutela con Rennes II. Isto débese ao feito de que, ao ser interuniversitario, este programa ten a particularidade de ofrecer a posibilidade aos doutorandos e doutorandas de ambas institucións de facer estadias de investigación na outra universidade a través do convenio que teñen asinado. Tamén teñen a oportunidade de seguir unha serie de actividades de formación conxuntas entre as dúas universidades. É preciso sinalar que, durante a súa etapa de tese, os doutorandos e doutorandas da USC deben acreditar 80h de formación. Para poder facilitarlles esas horas sen que teñan que buscar eles e elas onde obtelas, o noso programa conxunto ofrécelles cada ano unha programación na que poden elixir os seminarios aos que asistir. Acreditámoslles a súa asistencia e incluso, os que lles ofertamos a través da EDIUS, sonlles certificados pola escola.

3MT®



## Datas e bases para participar na 2ª edición do *Three Minute Thesis* (3MT)

A USC, a través da súa Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS), convoca a segunda edición do Three Minute Thesis (3MT®), un concurso de comunicación para investigadores e investigadoras de todas as áreas do coñecemento. Iniciado pola Universidade de Queensland en 2008, 3MT cultiva as habilidades de comunicación académica, de presentación e de investigación dos estudantes. O concurso apoia a capacidade dos doutorandos e doutorandas para explicar eficazmente a súa investigación en tres minutos, nunha linguaxe adecuada para un público non especializado.

O requisito para participar nesta segunda edición do 3MT da EDIUS é estar matriculado/a nun programa de doutoramento da USC no curso 2022/2023 e non ter defendido a tese. As persoas interesadas en participar deberán inscribirse e enviar os seus vídeos a desde o 1 de marzo até o 5 de maio de 2023. Nas vindeiras semanas, facilitaremos unha ligazón para poder cumprimentar a ficha de inscrición e subir o vídeo.

[↩ Ir ao sumario](#)

Esta competición reta ao estudiantado de doutoramento a consolidar as súas hipóteses, obxectivos e ideas así como a validez e importancia dos resultados da súa investigación, e a presentalos de xeito claro e conciso, empregando unicamente os recursos propios da oratoria e da retórica, esenciais para as súas futuras carreiras profesionais. O escaso tempo que teñen obrígalles a preparar discursos claros e efectivos, que transmitan en poucas palabras a importancia do tema de investigación de xeito sinxelo e comprensible para os non expertos.

O Three Minute Thesis pretende fomentar o intercambio multidisciplinar, animando aos membros da comunidade académica a que coñezan os distintos proxectos de investigación que levan a cabo os doutorandos e doutorandas da Escola de Doutoramento da USC.

Unha boa construción do discurso e a súa presentación oral son a parte esencial da competición, onde a posta en escena ten que estar reducida ao mínimo.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A selección dos vídeos finalistas estará a cargo dun comité académico conformado por membros da EDIUS e profesorado da USC. Eles serán os encargados de elixir un máximo de 12 vídeos, 3 por cada área de coñecemento (Artes e Humanidades; Ciencias e Enxeñarías; Ciencias da Saúde; e Ciencias Sociais) que concorrerán a unha Gran Final. O comité deberá ter en consideración os seguintes criterios:

- Capacidade comunicativa dos participantes.
- Facilidade de comprensión do contexto do tema de investigación e o seu significado.
- Se a exposición describe claramente os resultados da investigación, incluíndo as conclusións.
- Se o tema de investigación, resultados e importancia foron comunicados nunha linguaxe adecuada para a audiencia non especializada.
- Nivel de impacto do traballo para a área de coñecemento á que pertence.

### CRITERIOS DE VALORACIÓN (A PUNTUACIÓN MÁXIMA É DE 10 PUNTOS)

1. Capacidade comunicativa (5 puntos)
  - Capacidade de comunicar os principais puntos da investigación adaptando a linguaxe a un público non especializado na súa mesma área de investigación. (3 puntos)

 [Ir ao sumario](#)



- Claridade na exposición e coherencia e cohesión no discurso. (1 punto)
- Seguridade na transmisión da mensaxe e capacidade de captar a atención da audiencia. (1 punto)

## 2. Calidade da investigación (5 puntos)

- O/A participante transmite o interese da súa investigación. (2 puntos)
- O/A participante comunica de forma clara o deseño da súa investigación e os seus primeiros resultados. (1,5 puntos)
- O/A participante explica de forma clara as primeiras conclusións da súa investigación e o impacto que se pode derivar dela. (1,5 puntos)

### PREMIOS E XURADO

Os 12 vídeos finalistas concursarán nunha Gran Final. Os 12 doutorandos e doutorandas autores da peza farán a presentación da súa investigación en persoa. A exposición, que se fará diante dun xurado e do público asistente, deberá respectar o tempo (3 minutos) e o guión do traballo presentado en formato vídeo. Nesta gala serán entregados os catro Premios de Excelencia de Divulgación Científica, un por cada área.

O xurado estará composto polos subdirectores e subdirector@s da EDIUS e por dous profesores da USC:

- Artes e Humanidades: Dolores Vilavedra Fernández
- Ciencias e Enxeñaría: Eugenio Vázquez Sentís
- Ciencias da Saúde: José Manuel Cifuentes Martínez
- Ciencias Sociais e Xurídicas: José Miguel Túdez López
- Marta Rodríguez Castro: Profesora na Facultade de Ciencias da Comunicación
- Roi Méndez Fernández: Profesor na Facultade de Ciencias da Comunicación

O xurado terá en conta aspectos do contido das presentacións e a capacidade comunicativa dos candidatos e candidatas, independentemente da área de coñecemento á que se adscriban.

A EDIUS premiará aos doutorandos e doutorandas gañadores dos Premios de Excelencia de Divulgación Científica cun cheque por valor de 250€.

Durante a Gran Final tamén se outorgará un premio do público. Este premio entregarase ao participante máis votado polo público, excluídos os catro gañadores.

### NORMAS PARA OS VÍDEOS

1. A duración do vídeo non poderá superar os 3 minutos. Os vídeos que superen esta duración serán descalificados.

2. O idioma empregado no vídeo deberá ser galego, castelán, inglés ou lingua de signos.
3. No pitch deben abordarse os seguintes aspectos da tese de doutoramento: interese e deseño da investigación, primeiros resultados e conclusións/impacto agardados.
4. A persoa participante gravarase en plano medio, desde a cintura cara arriba.
5. A gravación debe ser en horizontal.
6. O fondo do vídeo debe ser claro e uniforme.

#### **NORMAS PARA A FINAL PRESENCIAL**


1. A duración da presentación oral na final presencial terá tamén unha duración máxima de 3 minutos. Haberá unha conta atrás e o/a participante deberá deter o seu discurso superado o tempo máximo.
2. O discurso da presentación en formato presencial deberá ser o mesmo que o presentado no vídeo, podendo incluír tan só as modificacións derivadas da presentación en directo.
3. Durante a presentación, o/a participante poderá proxectar unha única diapositiva que lle sirva de apoio.

## Fala o alumnado premiado na primeira edición do concurso:

A primeira edición do concurso 3MT tivo unha gran acollida entre o alumnado da EDIUS. Estas son as persoas que resultaron vencedoras en cada unha das grandes áreas e estes son os seus consellos:

**1. Que recomendacións lles fas ás persoas que queiran participar no concurso este ano?**

**2. Como se consegue que unha investigación resulte atractiva para calquera público?**




### CIENCIAS DA SAÚDE

**Irene Ortiz Leal**

Doutoramento en Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias

1. Recomendolles que saian ao escenario sen medo, con ánimo de pasar un bo rato e de transmitir a paixón que senten polo seu tema de investigación ao público en xeral.
2. Na miña opinión, creo que é importante que se transmita a idea cunha linguaxe adecuada que poida entender o público non especialista na área, sen demasiados detalles, e intentando transmitir un concepto xeral do que se estuda. Tamén creo que é importante intentar apelar ao día a día das persoas que te escoitan, ou das inquiredanzas da sociedade en xeral. Saber encontrar un sentido ao que se estudia máis alá do laboratorio. Dá igual o que se estea investigando, seguro que sempre se encontra un nexo de unión co cotiá.



### ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA

**Fernando Estévez Casado**

Doutoramento en Investigación en Tecnoloxías da Información

1. Que non o dubiden e se poñan a traballar xa nas súas propostas! Crear un discurso atractivo, por breve que sexa, levaralles un tempo. Poden ilo construindo paseniño. Eu, por exemplo, fun escribindo e conectando ideas aos poucos. Algo que me resultou de moita axuda foi recitar o texto en voz alta desde un comezo. Non fai falla agardar a ter unha versión completa para facer ensaios. Cando empezas a falar dáste conta de todo aquilo que non soa natural. Deste xeito, podes ir alternando a escritura coa lectura en voz alta ata chegar a un guión definitivo.
2. Contándoa como se se tratase dun conto, dunha historia. É importante atrapar a atención do público xa na primeira frase, pero o gran reto será mantela por 3 minutos. Para iso, debemos dedicarlle tempo a sintetizar a información que queremos que o público reteña. Isto é realmente complexo cando levamos varios anos investigando nun tema no que somos expertos. O meu consello é coidar moito o vocabulario e non dar nada por suposto. Un bo exercicio pode ser ensaiar diante de familia ou amigos e empregar os seus comentarios para axustar o discurso.

[↩ Ir ao sumario](#)

**1. Que recomendacións lles fas ás persoas que queiran participar no concurso este ano?**

**2. Como se consegue que unha investigación resulte atractiva para calquera público?**




**CIENCIAS SOCIAIS  
E XURÍDICAS**

**Sara Calvete Lorenzo**

Doutoramento en Comunicación e Información Contemporánea

1. Que venzan o medo de expoñerse ao público. Ao longo do proceso de doutoramento, todas temos moitas máis dúbidas que certezas, e é normal. Chegas a pensar que a túa investigación non aporta ou que non está ao nivel, mais dáste de conta de que é un sentimento moi común en todas as disciplinas. Por outra banda, é importante saber resumir, xa que é imposible contar todo o que afondas nun tema concreto en 3 minutos, iso é do máis complicado.
2. É un reto resumir unha investigación que leva anos da túa vida en tres minutos. Hai que ter en conta que non se está a falar para un público especializado, hai que conseguir que a poida entender calquera persoa é, á vez, non perder a esencia do obxecto de estudo. Construír un discurso científico e á vez accesible é un proceso complexo, mais completamente necesario, xa que se pescudamos e non somos quen de divulgar o coñecemento, se non podemos transmitir as reflexións e os avances da ciencia, para que investigamos?



**CIENCIAS**

**María Moreno Pérez**

Doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Química

1. Anímoas a participar. É unha moi boa maneira de dar a coñecer a súa investigación e tamén de perder ese medo a falar en público. Persoalmente, foi unha experiencia moi enriquecedora en todos os sentidos que volvería repetir sen dubidalo.
2. Creo que o máis importante, e tamén o máis difícil, é adaptar a túa investigación a unha linguaxe que poida entender todo o mundo. Nada de linguaxe técnica, máis ben como se llo intentaras explicar á túa nai. Pode ser un exercicio moi enriquecedor tamén para ti mesmo.

[↩ Ir ao sumario](#)

**1. Que recomendacións lles fas ás persoas que queiran participar no concurso este ano?**

**2. Como se consegue que unha investigación resulte atractiva para calquera público?**



**ARTES  
E HUMANIDADES**

**Jamila Farajova**  
Doutoramento  
en Lingüística

1. Unha boa preparación é o fito. Primeiro, deben familiarizarse coas regras do 3MT e os criterios de avaliación antes de comezar a súa preparación. Por exemplo, dado que o xurado buscará probas de que os participantes poden explicar a súa investigación a un público non especializado, deben evitar a linguaxe académica, aínda que ás veces é bastante difícil evitar os termos moi específicos. Aínda así, teñen que imaxinar que están explicando a investigación a un amigo ou a un compañeiro de estudos dun campo de diferente. Ademais, hai que saber que o concurso consta de dúas fases: na primeira, hai que gravar un vídeo e despois, a segunda fase, será presencial diante do xurado e do público. Ambas fases pónente bastante nervioso/a. Por suposto, sentirse nervioso é natural e, ás veces, un pouco de nerviosismo pode incluso ser beneficioso para o discurso en xeral. Non obstante, é importante PRACTICAR e PRACTICAR para poder presentar con confianza e claridade. Persoalmente, tiven que gravar o meu discurso moitas máis veces das que esperaba. E logo, antes da Gran Final, practiquei aínda máis veces.
2. Para captar a atención da audiencia desde o principio, é mellor empezar cunha frase sinxela e clara, non cunha hipótese complicada. Logo poden explicar os puntos máis importantes e resaltar os resultados da investigación, ou o resultado desexado, se aínda non teñen un resultado. O rango vogal tamén é de gran importancia. Debemos falar claramente e usar variedade na voz, ás veces falar alto ou rápido, ás veces, lento ou suave. Queremos brindar moita información, pero en ningún caso debemos facelo con moita rapidez. E se queremos usar unha diapositiva de PowerPoint, debe ser lexible, clara e concisa. Non debe incluír texto ou gráficos complicados que poidan distraer. Tamén é moi útil ver os demais, como as presentacións dos finalistas de Queensland 3MT ou de USC 3MT do ano pasado na canle de [YouTube de EDIUS-USC](#). Logo, poden gravar e escoitar as súas propias presentacións para analizar onde fan pausas, onde falan demasiado rápido... Trátase de traballar nas debilidades e explotar as súas fortalezas. Seguramente, a linguaxe corporal tamén pode atraer a audiencia. Por exemplo, débese establecer contacto visual, practicar como usar as mans, un sorriso sincero co que se pode transmitir a ilusión e o entusiasmo polo tema no que traballas.

[↩ Ir ao sumario](#)

**EDIUS** **NOVAS**

## Listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas do Premio Extraordinario de Doutoramento do curso 2020/2021

A Dirección da Escola de Doutoramento Internacional da Universidade de Santiago de Compostela xa publicou as listaxes definitivas de solicitudes admitidas e excluídas, en relación coa convocatoria dos Premios Extraordinarios de Doutoramento correspondentes ao curso 2020-2021.

Así mesmo, a EDIUS informa que, segundo o establecido na convocatoria en relación coa constitución das comisións avaliadoras, estas deberán reunir no prazo de quince días naturais que abrangue do 9 ao 23 de xaneiro, ambos incluídos, coa fin de elaborar as relacións provisionais de concesión do Premio Extraordinario.

As listas definitivas están dispoñibles [nesta ligazón](#).



[↩](#) Ir ao sumario

EDIUS NOVAS

## Unha doutoranda da USC, primeira autora dun artigo do *British Medical Journal* sobre o fenómeno dos artigos científicos fraudulentos

A **British Medical Journal**, unha das mellores revistas do mundo en medicina, vén de publicar un artigo no que Cristina Candal Pedreira, doutoranda da USC, figura como primeira autora.



O texto trata dos *paper mills* -fábricas de artigos-, un fenómeno relativamente recente do que non existe demasiada información. Trátase dunha práctica fraudulenta que provoca que cada ano sexan máis os artigos científicos retirados tras a súa publicación por conter estudos que non son reais e figurar autores/as que tampouco teñen participado na súa realización.

O artigo de Cristina Candal Pedreira, titulado “Retracted papers originating from paper mills: cross sectional study”, foi escrito xunto con Joseph S. Ross, Alberto Ruano Raviña, David S. Egilman, Esteve Fernández e Mónica Pérez Ríos. A principal autora da investigación explica que Os *paper mills* son organizacións fraudulentas que se dedican, principalmente, a producir manuscritos cientí-

[↩ Ir ao sumario](#)

ficos que logo venden a investigadores/as. Candal Pedreira informa de que “moitos destes artigos conteñen datos e/ou imaxes fabricadas ou falsificadas e, polo tanto, os seus resultados non son válidos”.

A idea de realizar esta investigación xurdiulle a Cristina Candal cando, hai pouco máis dun ano, comezaron a publicarse múltiples cartas ao editor e comentarios, xeralmente escritos por editores/as das revistas científicas afectadas, sobre este novo tipo de fraude en ciencia. A raíz disto, ela e os outros autores comezaron este estudo para ver “que áreas e revistas son as máis afectadas, cal é o perfil dos autores e autoras que contratan os servizos destas organizacións e que visibilidade teñen estes artigos”, comenta a autora principal.

A doutoranda afirma que é o primeiro estudo que analiza os artigos procedentes de organizacións *paper mills* que foron identificados e retractados na literatura científica. “As retractacións de artigos por proceder de paper mills aumentaron en frecuencia nos últimos dous anos, supoñendo máis do 20% de todas as retractacións en 2021”, comenta. Moitos destes artigos procedían de autores con filiación en China.

Segundo Cristina Candal, a maioría destes artigos publicáronse nun número limitado de revistas científicas e recibiron un elevado número de citas. Os artigos científicos procedentes destas organizacións son un “problema” por diferentes motivos, pero, sobre todo, explica a autora: “porque contaminan a literatura científica con resultados non válidos”. Por iso, Candal pensa que é “imprescindible” desenvolver ferramentas que identifiquen estes textos para corrixir a literatura científica, “pero tamén encontrar mecanismos que preveñan que os investigadores contraten os seus servizos”.

A doutoranda asegura que é moi “gratificante” que unha revista tan prestixiosa no ámbito da medicina publique este artigo “porque así recibirá unha gran difusión e desta forma poderase concienciar á comunidade científica sobre a importancia da integridade na investigación”. Ademais, por suposto, para Cristina Candal trátase “dun recoñecemento público ao traballo realizado”.

Na [seguinte ligazón](#) podedes atopar o artigo íntegro publicado no BMJ.



**EDIUS** **NOVAS**

## Pagar polo lixo que produces

Unha investigación da USC constata como un sistema de tarifas variable podería contribuír a que a cidadanía desenvolva prácticas máis sustentables á hora de acometer a xestión dos residuos urbanos. A investigación desenvolvida por Álvaro Fernández Braña profunda nesta cuestión ao abordar o coñecido como ‘pay-as-you-throw’ (PAYT) –paga só polo que botas ao lixo– instaurado dende hai décadas en países como Alemaña, Austria, Chequia ou Suíza. O estudo da USC enmárcase no proxecto europeo LIFE PAYT que analiza o desenvolvemento experimental deste sistema en cinco localidades do sur da Europa pertencentes a Chipre, Grecia e Portugal. A **investigación**, froito da tese de doutoramento de Fernández Braña, conclúe que a medida que os prezos na tarifa do lixo se ven incrementados en función da cantidade de residuo producida, máis habitantes deciden adoptar prácticas sustentables.

O catedrático da USC Gumersindo Feijóo Costa dirixiu esta investigación xunto coa profesora da **Universidade Aberta** de Portugal, Célia Dias Ferreira. O estudo tomou como punto de partida os sistemas de pagamento do servizo de xestión de residuos desligados da súa xeración –caso das taxas de valor fixo, habituais en Galicia, ou vinculadas a unha variable allea á produción de residuos–, nos cales non existe recompensa para quen menos lixo produce.



**EDIUS** **NOVAS**

## As masas forestais ‘moi maduras’ non son as que máis carbono acumulan

O enxeñeiro Juan Alberto Molina Valero demostra na tese de doutoramento ‘Modelización da perturbación sobre o stock de carbono en masas naturais a partires do IFN e datos de teledetección, para a avaliación dos efectos das perturbacións’ que as masas forestais ‘moi maduras’ non son as que acumulan máis carbono, senón que esta capacidade corresponde a masas que se atopan en estados anteriores de maduración. Esta **investigación**, desenvolvida ao abeiro do proxecto *Forestchange*, financiado na convocatoria Retos da Axencia Estatal de Investigación, foi dirixida polos profesores e investigadores do grupo Uxafores da USC na Escola Politécnica Superior de Enxeñaría do Campus Terra César Pérez Cruzado e Juan Gabriel Álvarez.

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

## A transición á educación superior leva a mocidade a abandonar o rural

A transición á educación superior constitúe o primeiro ímpeto que leva á mocidade a abandonar e, polo tanto, a emigrar das áreas rurais, segundo se recolle nas conclusións da tese de doutoramento que vén de presentar na Escola Politécnica Superior de Enxeñaría do Campus Terra a investigadora da USC Rocío Toxo Asorei baixo o título ‘Factores determinantes da emigración rural da poboación moza de Galicia no século XXI’.

Toxo Asorei caracteriza na súa [tese](#) de doutoramento, dirixida polos profesores Ana Isabel García Arias e Carlos Antonio Allones Pérez, a emigración da mocidade rexistrada nas áreas rurais de Galicia, ao tempo que analiza en que medida os seus factores determinantes converxen cos parámetros xa destacados na literatura científica referida ás áreas rurais doutros contextos europeos.

EDIUS NOVAS

## O catedrático Jesús Salgado obtén o Premio Nacional de Psicoloxía ‘José Luis Pinillos’

O profesor Jesús Salgado, catedrático de Psicoloxía do Traballo e Recursos Humanos da USC, foi distinguido co Premio Nacional de Psicoloxía ‘José Luis Pinillos’, promovido pola [Academia de Psicoloxía de España](#), polo [Consello Xeral da Psicoloxía de España](#), pola [Conferencia de Decanos de Psicoloxía das Universidades españolas](#) e a Federación Iberoamericana de Agrupacións e Colexios de Psicoloxía ([FIAP](#)). Trátase do recoñecemento máis importante que se concede na contorna estatal a un psicólogo pola súa investigación e pola súa traxectoria académica e profesional. “Recíboo como unha alta honra e síntome especialmente afagado por recibir este recoñecemento. Para min, este premio ten un significado especial, tanto pola relevancia do mesmo, como por levar o nome do ilustre psicólogo José Luis Pinillos, Premio Príncipe de Asturias e membro da Real Academia Española”, explicou o profesor Salgado.

Con este galardón, prémíase a excelencia e innovación na investigación psicolóxica, e “aínda que é un recoñecemento á miña persoa, sinto que tamén se fai un recoñecemento aos membros do meu grupo de investigación e da miña área de coñecemento e tamén á nosa universidade, a USC, que permitiu e apoiou, de múltiples formas, que dita investigación puidese levarse a cabo”, apunta o catedrático. Máis información [nesta ligazón](#).



[↩ Ir ao sumario](#)

**EDIUS** **NOVAS**

## Coñecer destrezas e ferramentas para localizar información nos arquivos galegos

‘Metodoloxía de investigación nos arquivos galegos’ é o título do curso dirixido ao alumnado de Artes e Humanidades impartido o pasado 19 de decembro por Gonzalo Francisco Fernández Suárez, doutor en Historia pola USC, quen nos últimos anos orientou a súa actividade docente cara á práctica da dixitalización de arquivos e bibliotecas, así como á súa dinamización dende o eido cultural.



O seminario aproximou o alumnado ao coñecemento de certas destrezas e instrumentos para a localización de información nos arquivos con vistas á elaboración da súa investigación. Ademais, tamén se lles puxo en contacto coa existencia doutra serie de ferramentas para a procura de documentación.

Gonzalo Francisco Suárez explica que, na maior parte dos casos, o alumnado “non ten nocións de onde procurar fontes de información cando inicia unha investigación”. Por iso, considera que este tipo de formacións son moi necesarias, xa que lles proporcionan “informacións moi relevantes para moitos temas sobre os que se soe investigar”. Este profesor pensa que atopar a información necesaria nos arquivos galegos non é unha tarefa complicada. “Aprender a buscar información require simplemente de tempo, é dicir, a práctica

[↩ Ir ao sumario](#)

constante é a que permite acadar a destreza necesaria para chegar a entender como se xeran os documentos, saber onde se depositan, o tránsito que estes documentos seguen duns arquivos a outros en función da súa idade, da institución que os xerou, pescudar en que outros arquivos se atopan informacións que poden resultar importantes para o tema que estamos investigando, etc.”, afirma. En definitiva, segundo Fernández Suárez, “trátase dunha tarefa que ten bastante de formación autodidacta”.


O alumnado da USC, ao igual que o resto do alumnado universitario e cidadáns, pode ter acceso a calquera arquivo. O único que teñen que facer as persoas interesadas é identificarse. En Galicia son moitos e moi importantes os arquivos existentes, aínda que, “polo seu renome, pola súa proximidade ou porque se lles soe mencionar nas aulas”, o profesor Fernández destaca os arquivos catedralicios de Santiago de Compostela, Lugo, Ourense e resto de catedrais galegas; os arquivos históricos provinciais; o Arquivo do Reino de Galicia ou o Arquivo Histórico Universitario, entre outros moitos.

Gonzalo Francisco Fernández Suárez fala de cales son as destrezas e instrumentos que se deben ter en conta para a localización de información. Explica que cómpre consultar, en primeiro lugar, os instrumentos de descrición existentes como guías, inventarios e catálogos e, en segundo lugar, no momento no que acudimos a un arquivo recorrer sempre ao propio persoal de arquivo porque “dado o coñecemento que teñen da documentación que se custodia, poden guiarnos na procura que estamos a facer”.

O profesor informa de que existen dous portais web fundamentais para a tarefa de investigación en arquivos: PARES (Portal de Archivos Españoles) e Galiciana, nos que se pode introducir un termo de busca que nos remite a todos aqueles arquivos e documentos que conteñen ese termo de busca. Ademais, en ambos casos esta busca pode ser limitada a determinadas datas, lugares, arquivos etc.

Fernández Suárez coida que para a maior parte da cidadanía resulta bastante descoñecido o papel que os arquivos teñen para a defensa dos seus dereitos e intereses particulares. “Descoñecen que nestes lugares atesóurase moita información que se emprega como probas periciais en procesos xudiciais de distinto tipo. Non hai máis que pensar nos litixios derivados de casuísticas tales como a titularidade e uso dos montes, das augas, dos límites entre lugares e nos que a única documentación probatoria se atopa custodiada en arquivos”, explica. Ao seu entender, “se fixésemos unha enquisa sobre a consideración que os arquivos teñen para a maior parte da poboación, atoparíamos respostas que inciden en tópicos tales como un lugar escuro, onde se atesouran papeis vellos que só serven para os investigadores, un lugar de acceso restrinxido e onde só acoden investigadores, etc., o cal é totalmente falso”.

 [Ir ao sumario](#)



# Formación

## Actividades Xaneiro 2023

### **Introdución á programación de análises empíricas con R**



16, 18, 20 de xaneiro de 2023  
Actividade ONLINE, usando Microsoft TEAMS  
Matricula: do 2 ao 10 de xaneiro de 2023  
Horario: de 10:30 a 12:00h

### **Introdución ao manexo de imaxes espaciais e sensores remotos a súa aplicabilidade ambiental**



do 16 ao 20 de xaneiro de 2023  
Actividade ONLINE  
Matricula: do 2 ao 11 de xaneiro de 2023  
Horario: de 15:00 a 18:00

### **Introdución a R, estatística e visualización**




17, 19, 24 e 26 de xaneiro de 2023  
Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre  
Matricula: do 2 ao 10 de xaneiro de 2023  
Horario: martes 17 e xoves 19 de xaneiro de 09:30 a 12:30 horas; martes 24 e xoves 26 de xaneiro de 16:30 a 19:30 horas

### **Teambuilding: aprendendo a traballar con xeito en equipo (Santiago)**



20 de xaneiro de 2023  
Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre  
Matricula: do 4 ao 13 de xaneiro de 2023  
Horario: 10:00 a 20:00h

 [Ir ao sumario](#)



# Formación

## Actividades Xaneiro 2023

### **Introducción á análise de redes utilizando R. Aplicación á epidemioloxía veterinaria**



23, 24 e 25 xaneiro 2023  
Aula de Informática 3 da Facultade de Veterinaria de Lugo  
Matricula: do 9 ao 16 de xaneiro de 2023  
Horario: de 16:00h a 20:00h

### **Técnicas de expresión oral e xestual: aplicación no ámbito académico**



25 e 26 de xaneiro de 2023  
Seminario 3, Facultade de Ciencias da Comunicación (Campus Norte)  
Matricula: do 11 ao 18 de xaneiro de 2023  
Horario: de 16:00 a 19:30 e 3 horas non presenciais para a realización da tarefa

### **Investigación ao servizo da empresa e a sociedade. Curso 1: Como xestionar equipos de alto valor? Claves e ferramentas**



#### **Alumnado obxectivo: Profesorado da EDIUS.**

26 e 31 de xaneiro, e 2 e 7 de febreiro de 2023  
Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre  
Matricula: do 12 ao 19 de xaneiro de 2023  
Horario: 26, 31 de xaneiro e 7 de febreiro de 10:00 a 12:30h; 2 de febreiro de 10:00 a 13:00h

ENTREVISTA



Marga Pazos

Graduada en Xornalismo e licenciada en Publicidade e RRPP Master en Políticas na USC, Master en Marketing, Consultoría e Comunicación Política Dous anos na Radio Galega, departamento de Programas e 21 anos en TVG, presentadora e redactora no departamento de Informativos.

Dende 2019, en excedencia na CRTVG, traballando como consultora e comunicadora en wecom Consultora de Comunicación e RRPP, e diversos proxectos audiovisuais, xornalísticos e publicitarios.

A xornalista Marga Pazos impartirá un seminario sobre ‘Técnicas de expresión oral e xestual: aplicación no ámbito académico’

## «Se o contido é interesante, está ben construído e ten relevancia, podémolo facer cativador, memorable, motivador e inspirador cunha boa oratoria»

Os días 25 e 26 de xaneiro, a Facultade de Ciencias da Comunicación acollerá o seminario ‘Técnicas de expresión oral e xestual: aplicación no ámbito académico’. Trátase dunha formación que se desenvolverá ao longo de dúas xornadas que serán impartidas pola xornalista Marga Pazos Barcala e por Ana Isabel Rodríguez Vázquez, decana de Ciencias da Información.

A comunicadora Marga Pazos explica nesta entrevista de como “todo comunica. Mesmo o silencio. Ou unha mirada”. O seu obxectivo é que os asistentes ao curso identifiquen cales son as súas debilidades á hora de falar en público “e que atopen ferramentas para superalas”.

### Por que nos dá tanto medo falar en público?

Creo que, por unha banda, é por falta de costume. Ata hai moi pouco, a oratoria, o debate, a exposición oral de traballos... non aparecían nos programas escolares. Incluso agora, cando o fan, é habitualmente en forma de actividade extraescolar ou materia optativa. Na miña opinión, esta práctica debería ter presenza transversal na programación académica, en calquera materia e dende idades temperás. Pola outra banda, falar en público implica expoñer-nos ante os demais, someternos ao xulgado alleo. A timidez, a inseguridade, a vergoña e outras sensacións negativas sobre nós mesmos poden chegar a limitarnos. E todas elas se poden superar.

### Cal é a importancia da expresión oral e xestual á hora de comunicar?

Todo comunica. Mesmo o silencio. Ou unha mirada. O conxunto de todos os elementos que forman parte da comunicación interveñen na mensaxe. Un léxico rico, cunha boa construción gramatical e cun contido interesante non garanten o éxito na comunicación, porque todos eses ingredien-

[↩ Ir ao sumario](#)

tes fantásticos poden quedar anulados por un ton monocorde, aburrido, excesivamente nervioso ou unha postura corporal inadecuada ou unha xestualidade incorrecta. Todo debe ir en sintonía e sumar ao propósito comunicativo.

### **Até que punto unha mala exposición pode estragar un bo traballo?**

Un bo traballo sempre será un bo traballo. Pero unha boa exposición, ademais, debe persuadir. Convencer. Se esa exposición é deficiente ou xera unha mala sensación no interlocutor (apatía, rexeitamento, inseguridade, falta de credibilidade), eses mesmos sentimentos pódense trasladar ao traballo en si.

**«Cada situación ten o seu propio código, e o discurso que elaboremos debe ser o adecuado para cada unha delas»**

### **Todas as dotes de oratoria son innatas ou tamén se poden adestrar?**

Na vida todo se pode adestrar. Sen as calidades naturais de Usain Bolt, seguramente nunca correremos os 100 metros tan rápido coma el, pero non se trata de ser mellores ca os demais, senón mellores ca nós mesmos no presente. E con adestramento, sempre se mellora. Incluso Bolt.

### **Cando vas facer unha presentación ou unha conferencia, que é o primeiro que debemos ter en conta para chegar ao noso interlocutor?**

Diría que o primeiro é ter en conta precisamente quen é o noso interlocutor. Debemos saber se nos diriximos ao equipo directivo dunha empresa á que lle queremos vender un produto ou servizo, a unha persoa que nos entrevista porque selecciona persoal, a un público experto ou neófito na materia sobre a que versa a nosa intervención, a un tribunal de doutoramento... Cada situación ten o seu propio código, e o discurso que elaboremos debe ser o adecuado para cada unha delas.

### **E despois...**

Unha vez identificado o público, o seguinte sería identificar o obxectivo (que nos contraten, que merquen o noso servizo, sacar un sobresaliente, que o público aprenda algo...), e o tempo do que dispoñemos para acadalo. Pero sempre, sempre, en calquera circunstancia, debemos ter en conta que unha comunicación eficaz é aquela que persuade e que perdura no tempo.

**«Unha comunicación eficaz é aquela que persuade e que perdura no tempo»**

[↩ Ir ao sumario](#)



### **A linguaxe audiovisual acapara cada vez máis a forma de comunicarnos. É máis difícil agora transmitir de xeito eficaz e eficiente empregando unicamente palabras e xestos?**

Todas as ferramentas que vaian xurdindo para enriquecer a mensaxe e a comunicación interpersonal poden ser útiles. Pero (unha vez máis) non hai artifício que arranxe a ausencia de discurso. Deben complementarse. É verdade que parece que somos cada vez máis impacientes, que demandamos un consumo rápido de información para non cansarnos ou aburrirnos, que devoramos contidos fáciles de dixerir e que non requiran de demasiada atención nin concentración. De aí que sexa cada vez máis necesario dominar técnicas de comunicación oral.

### **Como comunicadora, que consellos básicos lle daría a un doutorando ou doutoranda que ten que enfrentarse ao acto de defensa da tese?**

Hai consellos básicos para o propio día como chegar con tempo, facer exercicios de respiración, ter un aspecto que nos faga sentir comodidade e seguridade en nós mesmos. Antes, elaborar unha presentación axustada ao tempo e ensaiala varias veces para dominar os nervios e asegurarnos de que dicimos o que realmente queremos dicir. Na presentación, non incluír todo o discurso, senón guións e gráficas resúmenes, que complementen o que contamos e non sexan unha mera transcripción do noso relato, que nos obrigue a ir lendo na pantalla. Para iso é fundamental facer unha boa escolla do material que imos destacar na defensa. Non é realista pretender contar 500 folios de investigación en 15 minutos, polo que hai que extraer o máis destacado e relevante de cada un dos apartados da mesma. E o máis importante: ninguén sabe tanto do teu traballo coma ti. Despois de varios anos investigando un tema, probablemente

sexas un dos maiores expertos nesa materia. O tribunal xa dispón do traballo escrito e ten unha primeira valoración. Na defensa debes amosar seguridade, convicción, coñecemento e educación. Contestar con concreción ás preguntas que fagan os membros do tribunal e agradecer as súas suxestións.

### **Vocalizar, respirar e entoar. Son estes os tres eixos da comunicación oral?**

Iso... e o discurso! Iso é o primeiro: ter algo que dicir que resulte de interese para quen o vai escoitar. Se o contido é interesante, está ben construído e ten relevancia, podémolo facer cativador, memorable, motivador e inspirador cunha boa oratoria; efectivamente, vocalizando ben, respirando adecuadamente e cunha entoación e velocidade axeitada ao contido.

### **Cres que o sistema educativo debería ensinar a comunicar xa desde antes?**

Si, por aí precisamente comecei a resposta da primeira pregunta. Aínda que cada vez máis docentes introducen parámetros de comunicación oral nas súas programacións, ata agora foi un aspecto practicamente inexistente no sistema educativo. A sociedade actual demanda profesionais capaces de transmitir ideas e proxectos, xa non só nas carreiras tradicionalmente asociadas con falar en público, como a docencia, a política ou a propia comunicación.

### **Que van aprender os asistentes ao curso que vas impartir?**

Espero que identifiquen cales son as súas debilidades á hora de falar en público, e que atopen ferramentas para superalas. Dende a elaboración do discurso, a construción do relato, ata a respiración, a entoación, o ritmo ou a postura. Somos seres humanos, seres comunicativos por natureza. Trátase dalgo tan simple ou cotiá, e tan complicado ao mesmo tempo: falar e transmitir. Comunicar.

EDIUS NOVAS

## Unha investigación da USC, mellor tese en Ciencias da Vida e da Saúde segundo a RADE

A Real Academia de Doutores de España (**RADE**) vén de concederlle o premio á Mellor Tese de Doutoramento no campo das Ciencias da Vida e da Saúde a Óscar Rapado-González, que fixo a súa tese no Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago (**IDIS**) e no programa de Doutoramento de Ciencias Odontolóxicas da USC.

A investigación doutoral de Rapado-González, que leva por título ‘Liquid Biopsies for Precision Medicine in Colorectal and Head and Neck Cancers: Saliva and Blood Biomarkers’, céntrase no estudo de marcadores xenéticos e epixenéticos con utilidade clínica en pacientes con cancro colorrectal e de cabeza e colo empregando mostras fluídas minimamente invasivas coma o sangue e non-invasivas coma a saliva. Este avance cara á oncoloxía de precisión ten potencial diagnóstico na biopsia líquida, unha proba analítica que resulta pouco invasiva para o paciente.

O desenvolvemento da parte experimental da tese, dirixida por María Mercedes Suárez Cunqueiro, profesora na área de Estomatoloxía da USC; Laura Muínelo Romay, responsable da Unidade de Análise de Biopsia Líquida do IDIS; e Rafael López López, xefe do Servizo de Oncoloxía Médica do CHUS e profesor asociado da USC, foi realizada no seo do Grupo de Oncoloxía Médica Traslacional (ONCOMET) e contou coa colaboración do Vall d’Hebron Instituto de Investigación (VHIR), onde o doutor tivo a oportunidade de realizar unha estancia formativa.

No cancro colorrectal, realizouse unha caracterización pioneira dos microARNs presentes na saliva, identificándose un panel formado por cinco microARNs con potencial diagnóstico para detectar esta enfermidade a través da saliva, o que representa unha novidosa estratexia na detección desta patoloxía tumoral sen provocar ningún malestar ao paciente durante a toma da mostra.

No caso do cancro de cabeza e colo, a investigación centrouse na caracterización molecular non invasiva desta patoloxía tumoral a través de diferentes aproximacións moleculares que buscan mellorar o manexo clínico desta enfermidade. As liñas de investigación que se abordaron foron a análise de mutacións somáticas no ADN da saliva e do sangue, a identificación


de marcadores de metilación no ADN da saliva e a caracterización do tamaño dos fragmentos de ADN fóra das células da saliva.

Outra innovación desta tese consistiu na caracterización, por primeira vez, do ADN libre de células da saliva nos pacientes con cancro oral e individuos sans. O estudo da integridade dos fragmentos de ADN presentes na saliva demostrou ter potencial para detectar e predicir o risco de desenvolver cancro oral. Por outra banda, a análise de marcadores de metilación na saliva demostrou ter potencial clínico para detectar e predicir o risco de desenvolver cancro de cabeza e colo, principalmente cancro oral e de orofarinxe.

Este traballo recibiu financiamento da Fundación Eugenio Rodríguez Pascual, da Xunta de Galicia e do Instituto de Salud Carlos III, así como da campaña de micromecenado para o estudo da biopsia líquida promovida por ONCOMET. Para a realización desta tese de doutoramento, contouse tamén coa colaboración altruísta dos profesionais dos Servizos de Dixestivo e Oncoloxía Médica do CHUS, e do Servizo de Cirurxía Oral e Maxilo-facial do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña.

[↩ Ir ao sumario](#)

ENTREVISTA



Óscar Rapado

## Óscar Rapado: «Espero que o sistema recompense a traxectoria e o esforzo que investigadores coma min labramos durante anos»

### Que significa este premio?

Un recoñecemento ao esforzo e aos anos de traballo intenso que supuxo a realización da miña tese, o que fai que me sinta moi orgulloso da miña etapa como estudante predoutoral. Ademais representa unha demostración de apoio á miña traxectoria como investigador, o que me motiva aínda máis a seguir crescendo neste campo. Teño que engadir que este premio supón tamén unha enorme satisfacción para os meus directores. É un premio que comparto cos meus compañeiros do grupo de investigación en Oncoloxía Médica Traslacional (ONCOMET) do IDIS e do grupo Galego de Investigación en Oncoloxía de Precisión (ONCOGAL) da USC, que me acolleron cando comecei a miña vida como investigador e dos que continuo a formar parte.


### Cal é a aportación máis importante da túa investigación?

A aportación máis relevante é a identificación de novos biomarcadores tumorais con potencial utilidade clínica en mostras de saliva de pacientes con cancro colorrectal e cancro de cabeza e colo. No cancro colorrectal fomos pioneiros en

caracterizar pequenas moléculas de ARN presentes na saliva destes pacientes, e a partir de aí creamos un panel con potencial diagnóstico, que representa unha novidosa estratexia de detección desta patoloxía tumoral de forma non-invasiva. Porén, para poder trasladar estes biomarcadores á clínica é necesario comprobar a súa utilidade e eficacia en estudos multicéntricos cun amplo tamaño mostral, para os cales necesitamos dispor de maior financiación.

### A oncoloxía de precisión, xa non é unha quimera?

Non, de feito xa é unha realidade. Nalgúns hospitais do noso país, a través das técnicas de biopsia líquida en sangue, estanse a usar biomarcadores que permiten seleccionar tratamentos dirixidos en algúns cancros avanzados como son o de pulmón, o de mama e o colorrectal. Sen ir máis lonxe, no noso hospital estanse levando a cabo diversos estudos co obxectivo de implementar novos biomarcadores no campo da oncoloxía de precisión. Con respecto á miña liña de investigación, a saliva representa unha biopsia líquida moi



